



O momento das mulleres 8M 28A 26M



A foto que fala

Ernesto Cardenal. O que vai de Wojtila a Francisco



O trasno Para que aprenda

Daniel López Muñoz



Un Estado social e democrático asegura dereitos para todas as persoas e, ademais, identifica as máis vulnerables para compensar a súa falta de oportunidades. Por iso é *social*, non *pasota*, nin *sádico*. A Constitución, esa que agora acaba de descubrir a Dereita para outros usos, é, para entendérmonos, unha garantía, un muro, para que ninguén, e menos ca ninguén o Poder público, abuse dos débiles.

A unha muller xubilada, dunha aldeia de Abadín, cunha discapacidade severa, en cadeira de rodas, que vive soa na súa casa adaptada, cuns ingresos deses que se din “por debaixo

do limiar da pobreza?.., terá o concello que coidala para compensar no que se poida as súas desvantaxes, ou máis ben poñerlle a bota do poder enriba para que sufra un pouco máis? Habrá que tela en conta á hora de decidir no asunto das “vías e obras”; por aquilo de facilitar a accesibilidade, ou máis ben castigala e facer a súa existencia máis difícil aínda?

Os poderes e institucións dun Estado social e a xente con corazón e humanidade dentro dirían: “A ver, pois... axudala, ou cando menos, oes, non castigala”. Pero a autoridade local de Abadín fai xusto o contrario.

Pili de Abeledo é ben coñecida na provincia de Lugo, no mundo das ONG e da discapacidade, tamén na rede de persoas que chamamos Irimia. Coñecida pola súa afouteza e dignidade, por vivir a súa discapacidade como unha oportunidade para a loita compartida pola xustiza social,

pola igualdade de veras, esa que se molla a favor dos que menos poder teñen e poden.

A Pili fixéronlle unha obra na estrada diante da súa casa e privárona de accesibilidade. Non pode pasar pola porta da súa propia casa. Calquera comete un fallo. Pero levamos tres anos con esta historia. Nin a rede de persoas que remitimos escritos, nin os medios, nin a Valedora do Pobo conseguiron que o concello dedique 5 000 euros para repoñer a situación anterior.

E a pregunta segue aí: por que se castiga? Por cal das súas especiais “características” un concello rural gobernado polo PP castiga alguén así? Será por ser discapacitada, porque “vale menos”, porque pinta pouco? Será por ser muller, porque non ten testosterona que a “defenda”; porque nunca a necesitou? Será, quizais, por ser pobre, non ter capital, ser economicamente irrelevante? Será pola súa bravura como demostrou dirixindo a comunidade de montes? Será porque foi nunha lista do BNG? Será por todo á vez..., “Para que aprenda”?

Non acerta Francisco cando minusvalora o feminismo

Coinciden no tempo tres fenómenos que se van encontrar en plena campaña electoral, tres historias diferentes e contradictorias.

Por unha banda está a débil e manipulable conciencia social e política de boa parte dos chamados milenials -aqueles que chegaron a adultos neste novo século- e, por extensión, da xente que vive de e para o consumo de tecnoloxía e as redes sociais. Estamos asistindo a unha serie de arrepiantes episodios de manipulación en masa a través de twitter e facebook, que son os únicos referentes de “conciencia social, moral e política” para millóns de persoas que ignoran os libros e a prensa seria, que desprezan mestres e persoas sabias, que viven na tecnosfera, como átomos libres, sen

raíces en partidos, relixións ou causas xustas organizadas. Nada como iso pode explicar o inexplicable: por exemplo, que alguén como Trump chegue a ter acceso directo ao botón vermello da guerra nuclear.

Temos, despois, xurdindo dese magma, os movementos viscerais, emocionais dunha nova, pero moi vella, ultradereita. En época de desconcerto, de medo e incerteza, medra o apoio aos que “falan simple e claro”. Simplismo visceral.


O resentimento contra o inmigrante, o anticatalanismo -menuda mina- e o antifeminismo son unha fórmula de éxito. É unha especie de renovado imperialismo español, que fai escorar toda a dereita cara a posicións extremistas.



Pero, como se está demostrando cada 8M, este é o momento das mulleres. Hai complicitades que funcionan. E que se activan e profundizan en momentos clave. Non son instantes nin modas, senón movementos históricos, profundos, eses que duran e se manteñen no tempo, de maneira consistente, fura que fura. Non acerta Francisco cando minusvalora o feminismo. A igualdade na diferenza non é cosmética. A igualdade na diferenza é un sinal dos tempos, unha graza, e sería un aliado contra o clericalismo, a pederastia, o escurantismo. Na nosa entrevista das páxinas centrais queda expresada a forza útil, recreadora, do feminismo tamén na Igrexa.

Esa corrente imparabile, consciente de que agora si toca pode ser decisiva para parar o neofascismo, mobilizar os milenials e tecer novas utopías e sentidos.

1



3



2



4

NOITES
ABERTAS
2019
XX ANIVERSARI

A peneira

1

Portas Ártabras da Coruña acolleu a mediados de febreiro a presentación do libro *Moncho Valcarce, un dos inesquecibles*. Sen esquecer a parte política, a obra quere lembrar a dimensión máis humana e persoal de **MONCHO**. 16 sinaturas diferentes compoñen un retrato poliédrico que se irá presentando por toda a xeografía galega.

2

Cando se está a punto de volver a pescar nas augas do Sáhara, logo de medio ano coa frota amarrada, medra a preocupación pola **PESCA ARTESANAL**, que reclama quedar excluída do sistema de cotas e TAC (totais admisibles de capturas) que a Unión Europea lle impón á frota. Os afectados, que suman 4 000 embarcacións, están a promover unha moción que conta xa co respaldo de todos os grupos políticos. A quen lle guste madrugar, ten unha fiestra aberta ao mar os sábados, de 7.00 a 8.00 h no programa *Mar de ardora* da Radio Galega.

3

No ano 2018, segundo os datos da Asociación Animalista Libera e a Fundación Franz Weber, foron abandonados ao redor de 20 000 mascotas, o que supón un incremento de máis do 15 % con respecto ao ano anterior. As entidades denuncian o feito de que se silencie esta realidade e reclámanlle á Xunta medidas contra o comercio ilegal de animais a través de internet, o aumento do orzamento e medidas educativas. **O ABANDONO DE ANIMAIS** cústalle á Xunta ao redor de tres millóns de euros ao ano.

4

A actividade **NOITES ABERTAS** do Concello de Pontevedra cumpre 20 anos. Trátase dun programa de lecer para mozos e mozas de entre 12 e 30 anos, que foi medrando ano a ano e nesta edición está a ofrecer 96 propostas diferentes, organizadas en 14 espazos da cidade. Actividades deportivas, propostas gastronómicas, música, manualidades... para darlle á xente nova unha alternativa de ocio saudable e creativo.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Ata o 23 de xuño poderá visitarse no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, a exposición **Formas do deseño. Galicia XXI**. A mostra recolle 300 traballos de máis de 100 deseñadores e deseñadoras galegas dos ámbitos do deseño gráfico, industrial, estratéxico ou multimedia; entre eles, o estudo Taller DD, que leva anos ocupándose do deseño e maquetación desta revista.

6

Desde que no 2007 superase os accidentes de tráfico, o **SUICIDIO** converteuse na principal causa de morte non natural no Estado. Lonxe de reducirse, o ano 2018 pechou cunha suba do 3 %, situándose o dato en 3 679 mortes. A nosa comunidade atópase nos postos de cabeza, coa arrepiente cifra de case unha morte por suicidio diaria. Nos dous grupos máis vulnerables (adolescentes e persoas maiores) está tomando especial relevancia a franxa de 55 a 70 anos, especialmente varóns, consecuencia desta longa crise.

7

Os gandeiros/as de **LEITE ECOLOXICO** están a dar os primeiros pasos para crear unha organización de produtores/as a nivel estatal. O obxectivo é contar cun espazo que fomenta o intercambio de información e coñecemento e sirva de nexo entre produtores e compradores. Para Galicia, o leite segue a ser a máis importante das producións ecolóxicas e cada ano incorpora ao sector unha media de 50 explotacións.

8

O goberno negocia con Marrocos a posibilidade de devolver en quente as persoas rescatadas por salvamento preto das súas costas, como unha medida para frear a chegada de inmigrantes a España. De chegar a acordo, contraviríase a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que xa condenou a Italia en 2012 por facer devolucións sumarisimas. As ONG denuncian, ademais, o perigo de realizar **DEVOLUCIONS** a países onde os dereitos e a seguridade das persoas non está garantida.

Amiguños si... Mar de fondo e mar de vento

Carlos Vázquez G.



Convocatoria, en tres meses, de practicamente todas as eleccións posibles. Só quedarían fóra as autonómicas de Galicia, Cataluña, Euskadi e Andalucía. Disque se trata de dar cabo dun longo período de incerteza e inestabilidade políticas para acadar gobernos estables, que duren os tempos previstos e permitan a normalización da xestión política.

No entanto, o máis probable é que tal obxectivo non se consiga porque o paso desde o bipartidismo a un maior pluralismo partidario resulta moi difícil nun país como o noso, que, en corenta anos, só deu

mudado un réxime ditatorial de partido único por outro de dous partidos na práctica, ben que con algúns apoios de terceiras forzas, sempre minoritarias. É o denominado “bipartidismo imperfecto”. Seguramente, e en boa parte por isto, non desenvolvemos aquí unha cultura de diálogo, acordo ou pacto políticos nun escenario pluri-partidista, sen maiorías absolutas, nin sequera significativas.

Sempre chegará máis lonxe e será máis determinante o mar de fondo

Todo apunta, pois, a que as campañas, xa en marcha, irán gañando en dureza, agresividade, malos modos, explotación do medo e falsificación da realidade. Xusto aquilo que vai impedir ou dificultar moito os acordos e pactos postelectorais necesarios para a pretendida normalización política. Estas campañas electorais serán como un temporal, como unha dura galerna con forte mar

de vento, fornecedor de ondas violentas e convulsas marusías que poden durar pouco, o que dura a borrasca, pero teñen gran capacidade destrutora e deixan, por onde pasan, gran desolación.

Antes das eleccións, o 8 de marzo asistiremos un ano máis á mobilización xeral das mulleres, promovida polo movemento feminista, que nos conmoverá e impulsará a loitarmos pola emancipación da metade da humanidade sometida ao sistema patriarcal vixente e a facermos efectiva a igualdade real entre todos os seres humanos. Será como o mar de fondo. Ese mar tendido con ondas suaves, sen cristas agudas, nunca violento mais cargado de enerxía, de forza e, por iso mesmo, cun longo percorrido. Non esquezamos que a violencia nace da debilidade, para tapala, e non ten nin percorrido nin horizonte.

As mulleres e o seu movemento feminista deberán tamén arrostrar con tino a borrasca tormentosa, o mar de vento dos próximos comicios, porque son do seu interese e cómpre ter presente que o mar de fondo é tamén fillo do vento que, desbocado, podería mudar a boa dirección das ondas. En todo caso, sempre chegará máis lonxe e será máis determinante o mar de fondo.

Este vai ser o primeiro artigo escrito para esta nova sección que fale realmente do que di o seu título. A esencia desta “vaquiña” é falar de temas variados pero cos lentes da economía postos. Porque, en esencia, a economía trata de explicarnos como funcionan as cousas, polo menos en parte.

A base de toda sociedade e, polo tanto, de toda economía, é o traballo doméstico. Sen el, é imposible construír o edificio do Benestar do que tanto fachendamos os afortunados occidentais. O traballo da casa procura a alimentación, o aseo e o descanso dos membros da tribo. Pero é un traballo que se converteu, co tempo, en emprego, debido ao enorme aumento no número de persoas, fundamentalmente mulleres, que pasaron a traballar como empregadas domésticas en casas que non eran as súas.

Todo iso vénme á cabeza cando vexo *Roma*, unha película cunha delicadísima fotografía, que retrata unha época moi cercana á actual e que conta cun fermosísimo personaxe principal, Cleo. É unha película absorbente. Cleo é unha empregada doméstica, indíxena, na casa dunha familia de clase media alta no México dos setenta. Impresiona ver a transición entre o trato que lle dan a Cleo ao comezo da película, practicamente invisible, e o recoñecemento que acada ao final como placenta afectiva desa familia, como constatan todo o amor e coidado que ofrece a cada un dos seus membros, especialmente aos máis permeables ao cariño, os máis cativos.

Como tema lateral, xorde a necesidade de mentalizarnos de que a toda empregada doméstica debe asegurárselle a cotización, as baixas e as vacacións, algo ao que se resiste a nosa mentalidade aburguesada, máis afeita a defender os dereitos que obrigan aos demais que os que nos cuestionan a nós. Segue sendo pecado venial maltratar laboralmente ás empregadas domésticas, algo para o que buscamos tantas argucias mentais como cumpran para eludir os nosos deberes como patronos domésticos, que é o que realmente somos. Páxinas como <http://serviciodomesticoactivo.blogspot.com> poden facernos reflexionar sobre a súa situación.



segue sendo pecado
venial maltratar
laboralmente ás
empregadas domésticas



O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo

SANTA MARÍA MESIANA DE ROMARIZ

Quero compartir cos lectores e lectoras de *Irimia* a nova dunha canonización popular que o pasado 10 de febreiro fixemos na parroquia de Romariz (Abadín), cando recoñecemos como santa a María Rivas Ledo, coñecida como María da Mesiana. Coincidiu esta canonización coa celebración da súa morte, acontecida o día anterior.

María da Mesiana foi unha muller humilde, case marxinal, que de nova apañou varios fillos e fillas, seguramente nun exercicio machista por parte de quen se achegou á súa natural fame de amores e tenruras. Coidou os fillos -algúns deles con serios problemas- o mellor que puido dentro da súa pobreza. Traballaba de xornaleira; ás veces coincidimos facendo traballos agrarios, aínda que o seu xornal era unha urxencia vital e o meu case un adobío. Vivía nunha



María Rivas, a 1º pola esquerda, acompañada de dúas das súas irmás monxas de Abadín, Paquita e Rosa. Foto do ano 1988

choupana de terra de 10-12 m², limpa e ordenada. Gustaba de levar prendas floridas e era tamén amante das flores que coidada e lle regalaba á xente e a Deus na igrexa. Foi sancristá da parroquia e velou pola casa dos curas mentres a saúde llo permitiu. Cumpría á perfección polo amor ás persoas do equipo pastoral, á parroquia e ao mesmo Deus. Non sabía teoloxía, pero amaba moito. Gustáballe dar e recibir regaloños e consideracións. A min quería moito. Era alegre dentro da súa, ás veces extrema, pobreza, que levaba con dignidade. Buscaba e, no que podía, ofrecía amparos. Xa de maior foi para unha residencia en Mondoñedo, onde foi ben coidada pola comunidade relixiosa e polas coidadoras que a atendían. Gozou moito cos

agarimos das monxas de Abadín, que a visitaban con certa frecuencia. Conforme se ía achicando, a súa existencia foise facendo máis confiada, máis pacificada, dispoñéndose para a Gran Paz da que agora goza. Está enterrada no cemiterio municipal de Mondoñedo.

É santa, xa vedes, pola humildísima maneira de buscar un oco de dignidade no medio da súa vida azarosa e, sobre todo, por dereito evanxélico, pois foi Xesús mesmo quen nos asegurou que "os seus anxos, no ceo, están sempre contemplando o rostro do meu Pai celestial" (Mt 18, 10), que quere dicir que ten un posto de privilexio no mesmísimo corazón de Deus.

Como tal santa, preparámoslle unhas ladaíñas, que rezamos aquel día para agradecer a súa existencia e coller forzas para dignificar calquera vida vulnerada, propia ou allea.

LADAÍÑAS POR SANTA MARÍA MESIANA

Santa María Mesiana.	GRAZAS POR TI.
Humildísima muller de aldea.	GRAZAS POR TI.
Rostro humano de Deus entre nós.	GRAZAS POR TI.
Buscadora de amores e tenruras.	
Mai coidadora das criaturas que pariras.	
Mai atribulada e dolorosa polos teus fillos.	
Muller que no traballo duro buscaches o teu sustento e o dos teus.	
Santa María xornaleira.	
Muller resistente e sacrificada.	
Muller ordenada e limpa na túa pobrísima casiña.	
Muller alegre e festeira.	
Muller que gozabas con vestidos de luces e cores.	
Muller de grazas e risas.	
Muller agarimosa.	
Muller tantas veces amiga e irmá.	
Criaturiña amada e preferida de Deus.	
María amante e coidadora das flores.	
María amiga de ser regalada e de regalar.	
María sancristá da comunidade.	
María que limpabas a casa de Deus e da comunidade.	
María que honrabas a Deus e a xente coas túas flores.	
Muller membro humilde, pero ben importante, do corpo da parroquia	
Muller agradecida cos coidados recibidos.	
Muller santiña de Deus.	
Muller querida e apreciada por Deus.	
Muller apreciada tamén pola xente.	
Pequena de Deus achegada na terra e no ceo ao seu corazón.	
María, que espertas a nosa conciencia cara á xente empobrecida.	
Santa María dos amparos.	
Santa María do regalo e da esplendidez.	
Santa María do gozo e alegría.	
Santa María do máis humilde e máis pequeno.	
Santa María Mesiana de Romariz.	



O peto común O sono

Josecho de la Torre Culler

Lense ultimamente artigos que manifestan a preocupación dos expertos da saúde, da pedagogía ou do deporte por como e canto durmimos... En principio non debería ser un problema, porén a preocupación actual responde a que 1 de cada 5 persoas dorme mal ocasionalmente. Nun estudante, non durmir o suficiente pode desembocar nun fracaso escolar; nun deportista, durmir o correcto repercute no corpo de xeito similar a un adestramento. Durmir é sinónimo de boa saúde. Pero por que non durmimos o suficiente? Algunhas causas poden ser: conciliación de horarios, problemas de estómago, estrés, preocupacións, ansiedades, exceso de tecnoloxía...

Durmir é sinónimo de boa saúde

gunhas causas poden ser: conciliación de horarios, problemas de estómago, estrés, preocupacións, ansiedades, exceso de tecnoloxía...

Hoxe revoluciono un pouco o Peto para pedirvos que fagades un pequeno exercicio. É unha enquisa de Juan Antonio Madrid, experto en cronobioloxía ou, o que é o mesmo, "reloxeiro do sono"; foi feita para alumnos dun colexio e gustoume para todo aquel que queira realizala. É sinxela e quizais axude a pensar se o que facemos durante o día contribúe a que durmamos pola noite. Se a resposta é "SI", sumas un punto. A nota final será a suma de todas as afirmativas. A partir de 5, estarás aprobado.

Corres, fas bicicleta, ou practicas algún deporte vigoroso polo menos 30 minutos ao día?

Pasas menos de 10 horas (sen as de durmir) sentado ao día?

Pasas máis de dúas horas ao día con luz natural en exteriores?



Dormes nunha habitación totalmente ás escuras?

Desconectas do móbil, tablet, ordenador polo menos un par de horas antes de durmir?

Almorzas todos os días?

Ceas polo menos dúas horas antes de ir durmir?

Dormes entre 8 e 10 horas ao día?

As fins de semana, espertas como moito dúas horas máis tarde do horario habitual?

Dormes a sesta, e, se a dormes, esta é de menos de 30 minutos?

Que teñas bos sonos!

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Andamos algúns bastante enleados traballando o tema da oratoria nas aulas. Tentamos que a rapazada aprenda a expresarse tanto oralmente como por escrito. Sabemos que ser quen de expresar ideas é algo fundamental hoxe en día, como foi sempre. Xa na antiga Grecia sabían da potencia da palabra. Parece mentira que no tempo dos chíos en Twitter e dos "likes" en Instagram sexamos quen de apostar por que os rapaces teñan unha capacidade de crítica e de expresión que vaian máis alá do "zasca" dialéctico. No día de mañá quen sexa capaz de expresarse criticamente terá moito gañado, non só no mundo laboral, tamén na independencia persoal.

Por iso ver un par de oradoras que circulan polas redes dá plena confianza neste labor. Son adolescentes como as que temos nas nosas aulas. Por unha parte, falo de Natalia Lizet López López, unha rapaza mexicana que nun discurso duns cinco minutos expresa o seu orgullo por ser indíxena. Dá moita paz e serenidade vela. Outra rapaza é a sueca Greta Thunberg, que anda a poñer rubios de vergoña os grandes dirixentes do planeta co asunto do cambio climático, dicindo as cousas que os maiores non dicimos.



Son dúas rapazas. Cando recibas isto, estaremos polo 8 de marzo. Oxalá que moitos discursos de moitas rapazas fagan que todos e todas tomemos conciencia de que hai que construír un mundo mellor. En feminino, en plural.

Entrevista

Redacción



Con CARME SOTO, teóloga e historiadora: “Non podemos deixar que se banalice nin domestique a cruz en favor de certos intereses”.

A viguesa Carme Soto Varela, colaboradora de Irimia desde hai ben anos¹, é licenciada en historia contemporánea e acaba de doutorarse brillantemente en Teoloxía na Universidade de Comillas, analizando as figuras femininas no Xénese². É vicepresidenta da Asociación de Teólogas Españolas (ATE) e membro do consello de redacción da revista Encrucillada. Carme reúne, desde logo, un perfil idóneo para axudarnos a descifrar certos aspectos do momento actual que nos preocupan.

Carme, recórdanos por que é importante unha teoloxía feita por e desde as mulleres, feminista...

As relixións, en xeral, e a cristiá en particular, formularon e estruturaron a súa experiencia relixiosa en sociedades patriarcais. Isto fai que moitas das súas construcións ideolóxicas e relacionais sexan androcéntricas, é dicir, centradas no varón, e que, polo tanto, as mulleres fosen situadas en lugares secundarios e, con moita frecuencia, consideradas negativamente.

Cando as mulleres cristiás van tomando conciencia desta situación, sobre todo da man dos diferentes movementos emancipadores que van impulsando o feminismo, comezan a buscar formación e ferramentas teolóxicas para liberar tamén a experiencia relixiosa das mulleres. Deste xeito nace a teoloxía feminista.

Hoxe seguimos saíndo á rúa para reivindicar, como mulleres, os nosos dereitos e a nosa dignidade, e as teólogas e teólogos (que tamén os hai) feministas buscan, desde a fe, respostas novas aos desafíos que hoxe como mulleres temos. Buscan, sobre todo, seguir liberando a Revelación e a mensaxe de Xesús de moitas interpretacións esgadas, que aínda conti-

núan a xustificar un lugar secundario para as mulleres na comunidade cristiá. É necesario recuperar a autoridade de mulleres que desde as orixes do cristianismo foron referentes de fe pero co tempo foron invisibilizadas na memoria da Igrexa. Deste modo pódense ir deconstruíndo moitos imaxinarios relixiosos patriarcais e androcéntricos que aínda sosteñen a ensinanza relixiosa, o acompañamento espiritual, a práctica ministerial...

As figuras femininas que aparecen nos textos bíblicos poden dicirles algo hoxe ás mulleres ou irremediabilmente responden a valores, estereotipos e perfís patriarcais?

Os relatos bíblicos nacen en sociedades patriarcais e, polo tanto, o modo no que se recordan as mulleres significativas tanto do pasado de Israel como dos orixes cristiáns está marcado polos modos de entender a muller nesas sociedades, pero tamén reflicten o abuso, o silenciamento e a opresión que, polo feito de seren mulleres, sofren dentro desas sociedades patriarcais. Ademais, con frecuencia a interpretación que desas mulleres se foi facendo ao longo dos séculos está incluso máis estereotipada e ten trazos máis negativos ca nos relatos

1 - Carme colabora de xeito incombustible na sección Boa Nova.

2 - Tese Doutoral: “Las figuras femininas del Génesis y sus relecturas en la Escritura y en las homilias y comentarios de Orígenes”.

bíblicos. Por exemplo, Eva pasou de transgredir un mandato divino a ser a encarnación do mal, a tentación, e a simbolizar todo o negativo que representaban as mulleres.

Xa sabes que aquí entendemos que a teoloxía debe pisar terra. Agora mesmo hai unha ameaza seria de dereitización dura da sociedade. Coa desculpa de Cataluña, que vale para todo, unha testosterona galopante, sen complexos, parece rexurdir da noite dos tempos. Reacciona o patriarcado?

Sen dúbida. Eu creo que determinados discursos que están aparecendo mostran con claridade que hai medo ás reivindicacións das mulleres polos cambios que traen consigo. Cando as cousas comezan a cambiar, sempre hai resistencias.

Certamente a cultura patriarcal non é só unha cuestión das dereitas, tamén na esquerda houbo e hai cultura patriarcal. Vai máis aló das ideoloxías

Hai medo ás reivindicacións das mulleres polos cambios que conlevan

políticas e afecta a todos os eidos da sociedade porque é unha forma de entender o mundo. No caso da nosa sociedade, está claro que hai xente que quere recuperar a cultura patriarcal que definiu o franquismo e por iso vinculan rapidamente a unidade de España (un xeito de entender a unidade) co que eles chaman ideoloxía de xénero, pois todo forma parte do mesmo sistema de crenzas.

Estes discursos extremistas, pero tamén outros máis sutís, mostran que a mentalidade patriarcal se resiste a deixar de ser hexemónica e cambiar



as regras do xogo, pero isto tamén evidencia, do lado positivo, que a voz das mulleres é cada vez máis forte e determinada. Aínda que quede moito camiño por percorrer, penso que xa é imposible volver ao pasado.

Canda o nacional-catolicismo, ese patriarcado funcionou con grande eficacia: as mulleres foron un grande apoio do sistema político e relixioso do franquismo. Agora parece haber unha gran novidade: as mulleres enfróntanse á ultradereita. Axuda unha reinterpretación feminista da relixión a que aquela historia non se repita?

O nacional-catolicismo impuxo un modelo social que devolvía as mulleres ao século dezanove en canto a valores, roles e expectativas. Este modelo conseguiu neutralizar moitos cambios que xa se estaban a dar noutros países de occidente e aí tivo un papel moi importante a relixión. É certo que moitas mulleres apoiaron ideoloxicamente o réxime, aí está a sección feminina, por exemplo, pero tamén foron vítimas e soportaron moito sufrimento.

A teoloxía feminista esta axudando a liberar a relixión dos seus condicionamentos patriarcais e androcéntricos e penso que está permitindo articular a fe cos desafíos sociais, coa loita pola

xustiza e a equidade. A interpretación feminista da fe estamos abrindo, especialmente ás mulleres, novos horizontes, empoderando a nosa experiencia relixiosa e favorecendo que as nosas loitas como mulleres teñan tamén arraigo no noso universo relixioso.

Que mensaxe lle tería que enviar a Igrexa á sociedade para desmarcarse desa nova dereita “sen complexos”; á que lle entusiasma cantar “Soy el novio de la muerte” xunto cos lexionarios que sacan un enorme Cristo polas rúas?

Eu penso que a Igrexa ten que falar sempre poñendo a mirada en Xesús de Nazaret e situar no primeiro lugar do seu discurso ao Deus abba que el anunciou. Un Deus que non se deixa manipular polos intereses políticos ou relixiosos dos poderosos e que sempre está do lado de quen é oprimido/a, de quen é inxustamente tratado. Un Deus que se arrisca a perder a honra acompañando a Xesús na cruz. Unha cruz que segue denunciando a violencia, o egoísmo e a intolerancia. E por iso a Igrexa, que somos todas e todos os discípulos/as de Xesús, nunca pode deixar que se banalice nin domestique en favor de intereses que non son os de Deus.



No mosteiro de Bergondo, o primeiro sábado de febreiro, poden pasar cousas espectaculares. Tamén cousas máis normais, que están case tan ben coma as espectaculares. Unha delas é a xuntanza de inverno da Asociación Irimia, arredor do lume, na candeloria, celebrando asemblea e abrindo o círculo para contaxiar e contaxiarnos de experiencias e iniciativas positivas que pasan en Galicia e no mundo. Xa temos un esquema ben consolidado: xuntarnos na lareira e tomar café, poñéndonos ao día; facer a asemblea que ordenan os estatutos; unha mesa redonda con xente interesante; comer cousas superinteresantes; e facer unha celebración para coller calor, unhas pingas de fe, esperanza e solidariedade.

Benditas rutinas

Está ben isto de ter bos hábitos e sobre todo o de non perdelos. Ese da nosa asemblea anual é un clásico irimego, pero ben innovador no mundo asociativo. E falando de *hábitos* cadra ben facelo nun mosteiro rehabilitado como o de Bergondo coa forza simbólica de preservar, rehabilitar e

restaurar, contra a resignación, contracorrente.

Para esa rutina anual fómonos xuntando o sábado 2 de febreiro. E entre 10:30 e 12:30, fixemos a Asemblea e demos conta das actividades que levamos entre mans, da Romaxe e da revista, das xuntanzas e encontros máis locais, como os sábados bíblicos, dos cambios e dos desafíos dixitais e da renovación da directiva.

Nieves Espiñeira, por exemplo, en nome dos da Romaxe, explicou como se implican persoas e grupos da Terra Chá na organización da próxima, que será en Vilalba, terriña irimega. Alí no paseo dos soños, na beira do río Magdalena, están, de cada cen metros, os pequenos monumentos que homenaxean a entrañables irimegos chairegos como Manuel María, Paco Martín, Agustín Fernández Paz, Darío Xohán Cabana, Xavier P. Docampo, Xose Manuel Carballo, Margarita Ledo Andión, Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, Mini e Mero. E tamén Xulio Xiz, que colabora na Romaxe de 2019.

Comentamos o logro da revista de acadar o número 1000. E dos cambios que se están introducindo, agora

en versión mensual, para facela viable e máis viva na internet. Cambios que se irán facendo máis visibles a medida que se consoliden os grupos de traballo e de elaboración de contidos.

Pepe Barca, o tesoureiro, rendeu contas e demostrando que o modelo da gratuidade colaborativa funciona. No balance presentado do exercicio 2018 a Asociación Irimia tivo uns gastos de 30.030,37€ e uns ingresos propios de 26.555,99€, sendo ese pequeno déficit, desta volta, compensado por unha subvención da Deputación da Coruña.

Por unanimidade votouse a renovación da xunta directiva, na que actúa de presidenta Lucía Santiago Díaz.

Ampliando o círculo

Despois da Asemblea celebramos unha mesa redonda de experiencias e realidades de normalización da vida en galego para a nosa xente miúda, nun momento crítico, como nunca antes, na transmisión xeracional da nosa lingua. Iria García, da iniciativa cooperativa Semente; Alfonso Figueiras, pedagogo e educador social en Sedes-Narón e Irene Pérez do CEIP Ínsua Bermúdez de Vilalba. As súas achegas están recollidas noutro lugar deste mesmo número.

E celebrando a Palabra e a Tenrura sempre pendente

E para pechar o día, Olga Álvarez, co apoio de Bea da Estrella e Lucía Santiago, animaron unha celebración ben linda, unha orixinal candeloria, coa lectura central do himno ao amor de Corintios 13, máis vivo ca nunca, na que acabamos agradecendo cunha sinxela danza aos demais que nos acompañan, a aqueles e aquelas que nos precederon e xa non están aquí con nós, e tamén á terra que nos sostén e a nós mesmos, que non deixamos de ser irrepitibles.

Crónica Festa do Lume 2018: vivir e medrar en galego

DLM

Como adoitamos facer desde hai uns anos aproveitamos o encontro arredor da Festa do Lume para ampliar círculo e perspectivas, para coñecer e celebrar o que pasa nesta terra nosa. Desta volta para coñecermos de primeira man cousas lindas que se están a facer no País -con maiúscula, isto é, no País da xouba e do grelo – , que iniciativas, a xeito de exemplo, hai en marcha para que as nosas nenas e nenos podan vivir e medrar en galego sen sentírense totalmente alieníxenas nin, xaora, alieníxenos. E foi unha mesa de experiencias ben xeitosa

Xa na introdución, o moderador Xosé Lois Vilar nolo advertía: *esta causa do galego vivo e con futuro segue a ser unha batalla tremendamente desigual: parecía nun tempo, aí atrás, que había avances, pero a realidade, cando miramos cara aos nosos nenos e nenas é de alarmante retroceso.* Fronte a iso hai un exército pacífico de iniciativas, desas que non dan cartos, pero reportan dignidade e esperanza. Velaí van tres:

A veciñanza de Sedes defende a súa escoliña rural

Alfonso Filgueira, que ademais de pedagogo é veciño desta parroquia

de Narón, contounos ao longo proceso de loita comunitaria por manter viva a pequena escola unitaria. Sitúase a parroquia de Sedes nesa Galicia periurbana, tan viva, onde se mantén en gran parte a tradición dunha aldea que foi e que aínda é, pero doutro xeito. Cun 42% de xente maior de 60 anos pero con 28 menores de varias idades.

O proxecto, que é o importante, como insistía Alfonso, máis que as persoas, fai firme en tres pedreiros: a escola, a comunidade veciñal e os dereitos de cidadanía.



A escola de Sedes ten 98 anos ás costas, moita historia, pois nace como escola de nenas en 1921, coincidindo co recoñecemento do dereito a voto das mulleres; un proxecto, como tantos outros, promovido por un ilustre emigrante na Habana, que nace dunha preocupación polo alto analfabetismo feminino.

a comunidade fortaleceuse arredor dunha causa común: a escola

A comunidade veciñal, o segundo pedreiro, ten conciencia de perda da identidade, e inicia un proceso de “trece accións pola escola”, campaña que adquire notoriedade sobre todo a partir dunha resposta que reciben da Casa Real. Campañas, comensalías, xuntanzas, van fortalecendo a comunidade arredor desa causa común: a escola. A iniciativa acaba tendo éxito e conséguese que, con cinco cativos, se reabra.

O dereito á educación e aos servizos básicos, tamén á lingua propia, todos os dereitos de cidadanía son, segundo Alfonso Filgueira, o terceiro pilar.



Crónica Festa do Lume 2018: vivir e medrar en galego

DLM



Hai un recoñecemento teórico deses dereitos, pero despois non se esixen, como é o caso do peche de escolas. Hai un dereito a ser educado no idioma propio pero no activamos os procesos que a Lei recoñece. Tampouco hai que esquecer que a escola ten que ver co idioma, pero tamén está a familia, están as “redes”. E sobre todo, hai que manter viva a economía de proximidade, a economía rural que é a que foi o mellor soporte do galego durante séculos. A xente que pasa dos 50 son auténticas bibliotecas de tradición oral. Pero hai que escribir esa tradición rural, para que non se

perda. Somos algo así como os últimos mohicanos.

A cooperativa Semente: escolas galegas contra corrente

Tamén de Trasancos, ou Ferrolterra, viña Iria García, que é impulsora, nai e socia do proxecto cooperativo de escolas *Semente*. Seguindo as pegadas das irmandades da Fala, crean desde a “Xentalha do Pichel” unha escola nacional galega para cubrir unha lagoa inadmisíbel. Como é tan común neste país, contaba Iria como, cando naceron as súas nenas, non tiña

somos un proxecto consciente de inmersión lingüística

alternativa real ao seu redor de escolarización e socialización en galego.

As escolas Semente son un proxecto comunitario e democrático, non lucrativo. Todo se decide en asemblea, de maneira que non é propiamente escola pública nin privada, senón autosexionada e cooperativa. E dependen do esforzo económico dos socios e socias. Na súa escola son 88 socios e en Galicia xa pasan de 1000. Na escola de Semente de Trasancos hai 19 crianzas.

Son un proxecto consciente de inmersión lingüística, seguindo outros modelos semellantes de Euskadi e Cataluña. Trátase dunha transmisión da lingua desde o afecto. Asentar a afectividade, vivindo, sentindo e pensando en galego.

Por iso a socialización non é cousa só da Escola e crean espazos de xogo e socialización, con iguais, fóra da escola. Tamén teñen unha estratexia de construción da identidade e reforzos culturais, mesmo creando personaxes como superheroes en galego e tratando de implicar na causa á familia extensa.

Tamén fan unha aposta polo achegamento, o coñecemento e o aprecio da versión internacional do galego, o





portugués, o que abre unha gran variedade de recursos educativos.

Actualmente, ademais da de Trascos, hai dúas escolas semente en Compostela e outra en Lugo.

Medrando en galego na escola pública

Finalmente Irene Pérez, (moza catalá cun galego impecable) profesora do CEIP Ínsua Bermúdez, en Vilalba, comezou recordando que “non é só da escola”, pero que os cativos poidan vivir e falar en galego, sen condicionamentos ambientais, “tamén, é cousa da escola”.

a escola ten que ver con que os cativos poidan vivir en galego

Irene explicou como o seu equipo entende a lingua como comunicación, como ferramenta social, pero tamén no seu aspecto artístico.

E desde o artístico, enganchan. No seu centro traballan por proxectos, transversalmente, todas as materias, e esa parte artística ten moita importancia. Así o proxecto anual en 2018 foron os pintores e pintoras galegas,



desde Lois Seoane a Xulia Minguillón. E o proxecto de 2019 é “A nosa música”. Un proxecto destes involucra todas as idades, a partir dos tres anos.

Comezan os proxectos por intereses e por espertar o interese. Por cursos: Que queren saber do “seu pintor”, onde se atopa a información, como conseguila. Escríbenlle, se e posible, unha carta, traballan así a escritura, o correo electrónico; componse a información en murais; preparan unha exposición sobre o seu pintor ou pin-

tora ás outras aulas, e así traballan a expresión oral e o falar en público.

A cousa vai máis aló das aulas, pois planean saídas ao museo. A parte artística inclúe a decoración de todo o centro e, os máis afortunados, tiveron ocasión de pintar co seu artista, como foi o caso do chairego Manuel Carballreira ou a luguesa Sabela Arias que compartiron tempo e taller coa rapazada.

Diversas actividades complementan a experiencia, como a canle de Youtube “Micronovas TV”, obras de teatro en galego

Conversa Con David Álvarez, tradutor ao galego

María López Giménez



En outubro de 2017 a editorial Kalandraka sacaba do prelo o primeiro e amarelo volume de Pippi Mediaslongas en galego. A obra colleitou un éxito notable de vendas, sendo recoñecido o bo traballo de tradución directamente do sueco feito por David A. Álvarez Martínez con diversos premios, entre eles o Premio á mellor Tradución do ano na Gala do Libro Galego. Agora que o segundo volume da obra está nas librarías, falamos con David para que nos explique o xurdimento deste proxecto ilusionante que abre novas oportunidades para que a xente máis nova lea na nosa lingua.

“Na literatura infantil non se trata transmitir patróns de conduta, senón de facer nenos e nenas felices e curiosos. E se rin, ...mellor”

Como foi que deches coa idea de traducir esta obra ao galego?

Hai moitos anos cando estudaba a lingua sueca, nunha das aulas lemos outra obra de Lindgren, *Os irmáns corazón de león*. Nese momento comecei a pensar na posibilidade de traducir a Pippi, que non estaba publicada en galego e era unha personaxe que me gustaba. Pouco despois fun lendo as obras no orixinal, e atrapáronme totalmente coa súa linguaxe fresca e natural e as viravoltas lóxico semánticas que facía a personaxe. O proceso de tradución, así é todo, demorouse uns anos: tiven que afianzar os coñecementos na lingua sueca e vivir unha longa tempada no país.

O xurado da Gala do Libro destacou, precisamente, que a túa tradución transmite a frescura a e a fluidez da linguaxe desta rapariga. Préstase o galego para falar a fala de Pippi?

A linguaxe de Pippi é algo digno de mención. Ela xoga constantemente co significado das palabras, co seu sentido lóxico, de aí o das viravoltas. Como con calquera outra lingua, hai que facer un esforzo para que estes trucos soen naturais en galego. Hai unha crenza popular de que hai unhas linguas que valen mellor ca outras para certas cousas, que unhas valen para facer filosofía e outras só para contar contos. Pero iso non é certo, todas as linguas se van desenvolvendo e creando léxico segundo as súas necesidades. Por suposto que o

galego se presta para falar a linguaxe de Pippi, só hai que facer unha boa adaptación na que se recolla fielmente a intención do texto orixinal: as rimas, os xogos de palabras, a inversión de sentidos, a invención e toda a ironía.

Cres que se gañan falantes de galego a través da literatura infantil traducida ao galego?

Non. Só pola lectura, dende logo que non. Fai falla algo máis, un determinado contexto sociolingüístico. E ás veces nin iso. Falta por ver se se gañan lectores competentes entre o público infantil, xente que despois non lle tema á lingua e teña parte do camiño andado para arriscarse a falar. Penso que é moi positivo que haxa clásicos e grandes obras da literatura universal en galego, e agardo que iso anime á lectura.

Recentemente fomos coñecedores da polémica que arrodea a tradución española da obra realizada pola editorial Blackie Books. É posible que Pippi Mediaslongas sexa a primeira tradución directa da obra de Astrid Lindgren no territorio peninsular?

A verdade é que non o sei. O que si é certo é que a tradución española é moi antiga, está apenas revisada e presenta evidencias múltiples de ser unha tradución feita a través do inglés, pero sen estar expresamente indicado. Hai pouco vin que a tradución portuguesa tampouco estaba

feita directamente dende o sueco. Seguirei mirando

Pippi é unha rapariga forte, moi moi forte. E ademais, inmensamente rica. É unha personaxe inusualmente complexa para unha obra infantil. Cóntanos un pouco como é ela e por que che cae tan ben.

Esas dúas características fan de Pippi unha personaxe que pode exercer a súa liberdade sen límites. Son os agasallos que lle fai a autora para empoderala. Ademais, é unha nena non socializada polas estruturas convencionais, asalvaxada, estranxeira dalgún xeito, e practicamente orfa, pois

Crear lectores infantís competentes que non lle teman ao galego e teñan parte do camiño andado para arriscarse a falar

ten un pai que está perdido. É por todo iso que ela crea e recrea a súa propia historia mediante o recurso da fabulación, dándose a sí mesma un pasado e un porvir. Ante os demais, esta fabulación tórnase hipérbole e mentira, pero para ela é unha maneira de relacionarse coa súa propia vida: o recurso á fábula insire na historia de Pippi moitas outras historias que ela conta para lle dar un sentido extraordinario á súa existencia. E encántame que é unha personaxe tremendamen-

te positiva. Iso dállo a súa liberdade. Esta úsaa moitas veces para pórse de lado dos débiles e burlar a autoridade, en gran medida, masculina.

Ao ser unha nena tan libre é posible que non represente un modelo educativo viable. Na túa opinión, debe a literatura infantil presentar modelos normativos, ou, pola contra, debe abrir novas perspectivas?

Eu non son educador. Pero Lindgren sempre declarou que con Pippi non pretendía establecer ningún modelo nin ofrecer moral ningunha. É un exercicio da pura imaxinación celebrando a infancia. E, persoalmente, creo que é un tema delicado establecer de antemán como debe ser a literatura infantil, guiándose polo politicamente correcto. Os límites infranqueables, o que eu nunca traduciría, son libros con ideas antidemocráticas. Pero máis alá diso non creo que a literatura deba transmitir ningún sistema de valores concretos, ningún patrón de comportamento pautado aos nenos, senón facelos felices e curiosos. E se rin, mellor.

A biografía de Lindgren é ben interesante. Para os que aínda non coñecemos esta autora, que aspectos da súa vida e da súa obra che resultan especialmente atraentes?

Como autora de literatura xuvenil está xa no olimpo. Crea unhas personaxes interesantísimas, e non evita os temas difíciles: a morte, o alcoholismo, a irresponsabilidade nos adultos, a inxustiza dos fortes fronte aos débiles. Destaco outra obra traducida ao galego titulada *Os irmáns corazón de león*.

Ela sempre foi unha figura pública e influente no seu país, Suecia. Posicio-



nouse contra os réximes autoritarios e o fascismo. Tivo un fillo de solteira nos anos 20, sendo moi nova, experiencia que a marcou profundamente porque o tivo que deixar en Dinamarca, aínda que anos despois puido crialo ela.

Que outros proxectos interesantes andas a argallar?

De momento, traducir o volume terceiro de Pippi, para pechar o ciclo. Teño unha obra de teatro traducida do alemán sobre a educación dos adolescentes, ambientada a finais do s. XIX pero de rabiosa actualidade. Ando na procura de editor para este e para outros proxectos, como a tradución dunha artista gráfica sueca que conta en cómic a historia cultural da vulva dentro do patriarcado.




Carta FESTA DO LUME

E xa estamos aquí de novo na Festa da Candelaria, aínda que por pouco non a pillo... Así é que subín do buzón de correos a revista *Irimia* e como agora ben máis espazada no tempo, e como hai anos –desde que deixou de celebrarse en Galegos- que non participo, e iso que foi alí onde a miña dona e máis eu coñecemos a Pepe Chao. Presentámonos alí como xente nova e estraña, a ver que era iso que leramos a través da revista. Bergondo quédanos a uns cinco quilómetros da casa. Resulta que ese mesmo día antes de xantar mirei por riba a publicación –teño a manía de empezar a ler os xornais por atrás- e así foi, con gran sorpresa, que vin a programación da celebración... Xa non me daba tempo para compartir –como en tantas celebracións- o xantar. Con todo, ilusionado, a pesar do día crú de inverno, propúxenme acercarme para saudar tan boa xente e xuntarme á celebración. E así foi, pois levaría un desacougo e pesar se non asistise por pasar a ocasión.

Foi un pracer saudar e recibir aprecio dos coñecidos e poder conversar con persoas que coñecín neste primeiro encontro. Xa todo disposto, cunha longa mesa central con velas apagadas, que pouco a pouco foron alumando, mentres que quen as prendía facía ía pedindo, mediante unha plegaria ou petición, ante os que estabamos sentados en cadeiras, ao redor, simultaneamente acompañados pola música dunha guitarra e con cantos e lecturas. E así, pouco a pouco, coa calor da moderna estufa e cóvado con cóvado, foi rematando o encontro coa música e letra da canción: “...*aínda que fale... se non teño... nada son*”. Fóra, o vento recio e o frío acaneaba o atrio deste mosteiro de San Salvador de Bergondo. A min veume a imaxe e recordo de cando eu era pequeno e viña do mar de noite, só había unha luz na costa de Miño e era esta coa que nos orientabamos. A bordo, un farol cun anaco de vela dentro para evitar calquera tipo de abordaxe. Pola noite, nos camiños da aldea, empregábase un fachuzo de pallas de centeo... Hoxe hai tantos puntos de luz que nin fan nin deixan rastro.

Eu non encendín ningunha vela, pero aproveito isto para formular a miña petición: para todos os que alí estabamos e para os que non puideron asistir, os meus mellores desexos de felicidade, paz e amor. Que o ano novo sexa e siga para todos de graza e saúde como persoas importantes que sodes. E aquí quedo coas miñas arrugas.

Pepe de Betanzos



REVISTA MENSUAL DE CIENCIAS GALEGAS

IRIMIA

O momento das mulleres
8M 28A 26M

Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

Boa Nova



A verdade da humildade e as trampas da humillación

As Benaventuranzas (sexto domingo do tempo ordinario)

Benaventurados os mansos, as que sofren... porque deles é o Reino

As benaventuranzas marcan o camiño do Reino, pero tamén poden marcar un camiño de dor e destrución das persoas cando non temos clara a diferenza entre humildade e humillación.

A confusión destes dous conceptos levounos moitas veces ao perigoso xogo de identificar as persoas humilladas coas

humildes. No caso das mulleres, esta confusión mesmo chega a ser perversa, máxime agora que están saíndo á luz os casos de relixiosas abusadas por varóns revestidos de autoridade eclesiástica.

A persoa humilde é aquela que sabe renunciar voluntariamente ao seu para poñerse ao servizo dos demais (Xesús, sendo de condición divina, rebáixase asumindo a condición humana, di a carta aos Filipenses). A humildade é o contrario do egoísmo. A persoa humilde descéntrase de si mesma para acoller o outro, para acoller a novidade do mutuo enriquecemento. A humildade evanxélica xorde da nosa identificación con Xesús, home

libre que acepta a súa misión, que deixa unha vida máis ou menos previsible e acomodada para xogar o seu tipo anunciando o Reino de Deus. Pero en moitos, en demasiados casos, loamos as persoas pola súa humildade e servizo cando, en realidade, non é que sexan humildes, é que están sendo humilladas.

A humillación é outra cousa. Aparece cando identificamos a persoa non con Xesús, o home libre, senón só co seu sufrimento. O humillado non ten liberdade, non asume a súa vida como froito da propia vontade porque non a ten. A humillación é facer de menos, rebaixar un grupo, unha persoa. Forma parte do xogo de poder duns sobre os outros. Supón unha xerarquía entre as persoas, de tal xeito que unhas teñen o poder, o control, a autoridade, e outras non. Os humilladores fundan a súa superioridade sobre o outro en base á raza,

o xénero, ou mesmo por dereito divino. Hai humillación nunha violación, hai humillación na pederastia.

Tamén hai humillación no servilismo feminino na Igrexa, cando as mulleres vemos reducida a nosa liberdade, cando non nos permiten aspirar a ser todo o que as nosas posibilidades humanas nos poden levar a ser. Hai humillación nos teitos de cristal. Tamén cando non se nos permite identificarnos plenamente con Xesús, senón só cunha parte del, a servicial. Cando só se nos permite subir a un altar para limpar ou poñer flores non hai humildade, hai humillación.

A humildade libera, a humillación so serve para soste sistemas de dominación. O humilde identificase coa persoa de Xesús, ao humillado só se lle permite identificarse co seu sufrimento. E os sistemas de dominación exaltan ese sufrimento prometendo a gloria eterna a quen o padece.

As benaventuranzas, o discurso programático de Xesús, dinos que os que sofren, os pobres, están máis cerca de Deus. Pero esta afirmación tórnase perversa cando se utiliza para xustificar os privilexios duns fronte a humillación dos outros, cando o Evanxeo se usa para manter a humillación das persoas, apuntalando sistemas de poder inxustos. Louvar a humildade e o servizo cando esa humildade e servizo non brotan dunha elección persoal de identificación con Cristo, en igualdade e liberdade, é perverter o Evanxeo.

Marisa de Corme

A persoa humilde é aquela que sabe renunciar voluntariamente ao seu para poñerse ao servizo dos demais

Falando da lingua De *electio*, elección

Lidia e Valentina



Fig. 6c6. Roman Senator wearing the toga.

Mamamos desde que temos acordos que de ben nacidos é ser agradecidos, así que por darlle as grazas a Andrés Torres Queiruga queremos empezar. Si, estades a ler ben: este ilustre aca-

démico, irimego tamén, nun artigo que publica na Real Academia Galega (en “Autores”) gaba a capacidade de permanencia no tempo da revista *Irimia* “nese panorama en lusco e fusco, toldado de sombras, pero iluminado con lóstregos de luz” e confesa que moita veces é o artigo sobre o coidado do idioma o primeiro que le da revista! Cualifica esta sección de fecunda ao longo dos seus mil números, e nós imos no lote! Que garbosas estamos desta volta! Pois si, grazas, Andrés.

E estes días de atrás escoitamos na radio uns minutos dun programa nunha emisora nacional onde falaban de lingua, lingua castelá, claro; o caso é que nos gustou: falaban, tendo en conta estes intensos meses electorais que se nos presentan, da etimoloxía de determinadas palabras relacionadas co período electoral e pareceunos acaído para compartilo con vós. Recordáronnos que “campaña” ten a súa orixe no latín *campania*, os longos períodos de tempo que pasaban os exércitos en campo aberto para guerrear; de aí trasladouse ás campañas comerciais, de vacinación, políticas A primeira campaña política

moderna levouna a cabo o primeiro ministro británico Willian Gladstone, no século XIX; por iso nos chegou desde as illas británicas algún termo como “mitin”, galeguización da plalabra “meeting”, que significa reunión, unha reunión pública para expor e tratar ideas e cuestións políticas e sociais.

Na Antiga Roma o que se presentaba a un posto público vestía unha toga branca, era o *candidatum*, participio do verbo *candidare*, que significa branquear. De aí que os que se presentan para seren elixidos se chamen “candidatos”. En latín, *candidus* referíase ao branco brillante; de feito, moitos dos seus derivados teñen que ver con obxectos luminosos: candela, candelabro Os romanos tiñan outro concepto, *albus*, para referirse ao branco mate, e del derivan *alba*, *albor* e *alborada*.

Manteremos o contacto ao longo destas semanas. A ver cara a onde vira tanta elección, a ver se eliximos, se escollemos ben entre todos e todas...

O Fachineiro

O esforzo do mundo rural por loitar contra un devalo que parece inexorable é un asunto que cada pouco se achega ás páxinas desta revista. Pero se ese rural se atopa a máis de 1000 metros de altitude, a cousa devén aínda máis dramática. Cando hai máis de medio século Novoneyra compuxo *Os Eidos*, o gran poemario sobre o Courel, xa que estaba poñendo en verso un mundo en perigo de desaparición. Estes días anda polos cines galegos o filme *30 lumes*, da directora Diana Toucedo. Achégase ao mesmo mundo de Novoneyra pero xa para



constatar a proximidade do final. Na obra, case documental, vese o carácter híbrido do mundo tradicional mesturado con pequenas faíscas de modernidade. A xente loita conscientemente por defender a posibilidade e o dereito de vivir con dignidade na alta montaña. O aquén e o alén deses “pobos pobres que foron quedando nos ósos”, como dicía Uxío, aparecen na película de Diana Toucedo en forma de unha chamada e pregunta a todos e todas nós. Empecemos por ir ver a obra.

A.Q.